



Teaching Guide

Identifying Data					2016/17
Subject (*)	Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa			Code	652G03020
Study programme	Grao en Educación Social				
Descriptors					
Cycle	Period	Year	Type	Credits	
Graduate	2nd four-month period	Second	Obligatoria	6	
Language	SpanishGalician				
Teaching method	Face-to-face				
Prerequisites					
Department	Pedagogía e Didáctica				
Coordinador	Rego Agraso, Laura	E-mail	laura.rego@udc.es		
Lecturers		E-mail			
Web					
General description	<p>A materia ?Dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa? persegue que os futuros profesionais da educación social sexan capaces atender ás diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración nos procesos de desenvolvemento da acción socioeducativa. Oriéntase pois, ao desenvolvemento de capacidades que permitan a utilización daquelas estratexias de comunicación e colaboración que mellor se adecúen a dinamización dos proxectos no marco dos contextos de intervención destes profesionais.</p> <p>Deste modo, os principais núcleos temáticos céntranse na análise, coñecemento e práctica das estratexias de colaboración, comunicación e de xestión da información para o deseño, desenvolvemento e avaliación de proxectos que se levan a cabo nos diferentes ámbitos da acción socioeducativa.</p>				

Study programme competences

Code	Study programme competences
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A7	Aplicar metodoloxías educativas e dinamizadoras da acción socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A9	Deseñar e desenvolver proxectos, programas e servizos nos diferentes campos de intervención profesional promovendo a participación e o desenvolvemento comunitario.
A10	Analizar, difundir, orientar e desenvolver procesos de promoción cultural.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A12	Mediar en situacións de risco e conflito.
A17	Formar axentes de intervención socioeducativa e comunitaria.
A18	Dirixir e coordinar planos e proxectos socioeducativos.
A20	Desenvolver unha disposición favorable ao traballo en contornos multiculturais e plurilingüísticos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B3	Xerar a cultura profesional colaborativa, fomentando o traballo en rede e integrándose en grupos interdisciplinares con iniciativa e responsabilidade.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.

Learning outcomes

Learning outcomes	Study programme competences



Coñecer as diferentes perspectivas sobre a comunicación e a colaboración que afectan aos procesos de intervención socioeducativa.	A5 A10 A20	B1 B3	
Desenvolver técnicas, estratexias e dinámicas de comunicación en público dende a perspectiva das habilidades comunicativas e a eficacia da comunicación educativa	A7 A8 A9 A11 A12 A17 A18	B1 B6	C1
Analizar as vantaxes da colaboración e a dixitalización da comunicación na intervención socioeducativas.	A5 A7 A10 A20	B1 B3	
Utilizar diferentes estratexias de comunicación e de xestión da información no desenvolvemento de proxectos socioeducativos.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Comprender, valorar e transmitir de forma crítica a información no contexto da dinamización cultural e a intervención socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Aplicar diferentes estratexias de rexistro, interpretación e difusión da información no desenvolvemento da acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Asumir un compromiso ético co tratamento das novas formas de comunicación social a favor da intervención e desenvolvemento sociocomunitario.	A5 A7 A10 A20	B1 B3	C4
Coñecer diferentes estratexias de colaboración para a dinamización dos equipos de traballo na acción socioeducativa.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Desenvolver diferentes dinámicas democráticas de inclusión, representación e participación na realización de proxectos de animación sociocomunitaria.	A5 A7 A10 A12 A20	B1 B3	C4
Avaliar o sentido e funcionamento das dinámicas de comunicación e colaboración na acción socioeducativa.	A5 A10 A12 A20	B1 B3	C4

Contents	
Topic	Sub-topic



1. A comunicación e a linguaxe	<p>Fundamentos e concepto de comunicación.</p> <p>O proceso comunicativo dende a psicoloxía social.</p> <p>A linguaxe: Concepto, elementos, clasificacións, as diferentes linguaxes.</p> <p>Educación para a interpretación de distintos tipos de linguaxe.</p> <p>Usos da linguaxe: a construción discursiva da realidade social.</p> <p>O xénero, a discapacidade, a inmigración e a exclusión na linguaxe.</p>
2. A comunicación na acción socioeducativa.	<p>A comunicación na educación</p> <p>Modelos do proceso de comunicación</p> <p>Axentes e elementos na comunicación educativa</p> <p>A dimensión física da comunicación educativa (a canle e o contexto físico)</p> <p>A educación da comunicación. Educomunicación.</p> <p>Propaganda, publicidade e estratexias de mercado</p> <p>Os medios de comunicación social: lectura e análise crítica</p>
3. As TIC e as redes	<p>As TIC e as redes como facilitadoras da comunicación e a colaboración (redes sociais, Moocs, coworking)</p> <p>Implicacións educativas das redes sociais</p> <p>O Community manager en contornas educativas</p> <p>Planificación da imaxe social das institucións socioeducativas nas redes sociais.</p> <p>Construción de presentacións e outras ferramentas comunicativas na rede (Infografías, Memes, presentacións, ?)</p> <p>A teoría do capital social: a rede como motor de desenvolvemento</p>
4. Colaboración, relación e participación	<p>A aprendizaxe colaborativa</p> <p>A relación centro educativo-contorna</p> <p>A participación como parcela educable. O asociacionismo e os movementos sociais.</p> <p>Os grupos e o seu funcionamento</p> <p>Dinámicas e técnicas de grupo</p>
5. A educación emocional na comunicación	<p>As emocións e os sentimentos na educación: educación emocional no ámbito socioeducativo</p> <p>A intelixencia emocional e social (concepto, elementos, ?)</p> <p>A teoría das intelixencias múltiples</p> <p>O humor: conceptualización e implicación para as organizacións</p>
6. O liderado educativo e os estilos comunicativos	<p>O liderado educativo</p> <p>A comunicación persoal e os estilos comunicativos</p> <p>Habilidades comunicativas e implicacións da linguaxe verbal e non verbal</p> <p>O educador/a como comunicador/a: estratexias de comunicación en público</p>

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A5 A8 A11 A17 B6 C1	21	14	35
Directed discussion	A7 A9 A18 B1	9	1	10
Supervised projects	A5 A10 A12 A20 B3 B6 C1 C4	10	25	35
Student portfolio	A5 A7 A9 A20 B1 B3 B6 C1 C4	0	40	40
Mixed objective/subjective test	A5 A8 A10 A11 B6 C1	2	26	28
Personalized attention		2	0	2

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.



Methodologies	
Methodologies	Description
Guest lecture / keynote speech	<p>Na actividade de sesión maxistral traballaranse os contidos que conforman o marco teórico mediante a exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento.</p> <p>Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.</p>
Directed discussion	Mediante esta metodoloxía abordaranse diversos temas orientados a que o alumando reflexione sobre a aplicación das distintas estratexias de colaboración, comunicación, xestión e difusión da información na dinamización cultural e o desenvolvemento da acción socioeducativa. Ten como obxecto construír unha visión crítica respecto das diferentes formas de dinamizar as accións que se levan a cabo nos distintos contextos de intervención.
Supervised projects	<p>En torno aos diferentes temas proporase a realización de traballos de grupo. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completados mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo as indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada do profesor aos diferentes grupos.</p> <p>Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia así como outros complementarios. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos demais grupos.</p>
Student portfolio	<p>O alumnado deberá realizar en pequeno grupo (4-5 persoas) un traballo final da materia.</p> <p>?Opción A. Deseño do plan de comunicación dunha institución socioeducativa (Tomando o rol dun community manager educativo). Consistirá no deseño dun plan de comunicación en redes sociais dunha institución socioeducativa (a elixir polo grupo de traballo e que poderá ser real ou simulada).</p> <p>?Opción B. Portafolios grupal da materia. Colección de traballos dos estudantes acerca da materia ordenado a modo de diario de aula, existindo cando menos, unha entrada por sesión (total 28).</p>
Mixed objective/subjective test	A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da que o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados mediante as diferentes metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento da materia.

Personalized attention	
Methodologies	Description
Supervised projects Student portfolio	<p>A atención personalizada que se describe en relación a estas metodoloxías concíbese como momentos de traballo presencial co profesorado da materia.</p> <p>A forma e o momento en que se desenvolverá indicárase en relación a cada actividade ao longo do curso segundo o plan de traballo da materia.</p>

Assessment			
Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Supervised projects	A5 A10 A12 A20 B3 B6 C1 C4	En torno aos diferentes temas proporase a realización de traballos individuais ou en grupo durante as sesións interactivas. Estas actividades iniciaranse na aula e deberán ser completadas mediante o traballo autónomo do alumnado, atendendo ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora aos diferentes grupos. Para a realización destes traballos tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia, como outros de carácter complementario. Finalmente, a través da exposición na aula, cada grupo compartirá os traballos realizados cos compañeiros/as.	20



Mixed objective/subjective test	A5 A8 A10 A11 B6 C1	A proba mixta constituirá unha actividade final da materia con carácter avaliativo a través da cal, o alumnado deberá dar resposta a varias cuestións facendo un tratamento global e integrado dos coñecementos adquiridos, de acordo co conxunto de contidos abordados mediante as diferentes metodoloxías de traballo empregadas no desenvolvemento da materia. O exame estará composto por preguntas tipo test e preguntas abertas, estando a súa orientación directamente relacionada coa materia e cos aspectos abordados nas sesións, tanto expositivas como interactivas.	50
Student portfolio	A5 A7 A9 A20 B1 B3 B6 C1 C4	<p>Para avaliar os traballos que serán presentados polo alumnado teranse en conta os seguintes criterios de avaliación xeral:</p> <p>ELABORACIÓN:</p> <p>?Estrutura: coidado da presentación (respecto polo formato), organización do contido, claridade expositiva e corrección gramatical.</p> <p>?Contido:</p> <p>Grao de comprensión das ideas básicas da materia</p> <p>Dominio conceptual e uso apropiado do vocabulario da materia</p> <p>Emprego de fontes bibliográficas variadas (distintos autores/as, distintos formatos e distintas perspectivas sobre un mesmo tema) e corrección na citación das fontes</p> <p>Capacidade de relación dos contidos</p> <p>Coherencia entre os diferentes apartados</p> <p>Grao de afondamento de cada un dos apartados e relación co abordado na aula.</p> <p>EXPOSICIÓN:</p> <p>?Relevancia, pertinencia e organización coherente dos contidos expostos</p> <p>?Emprego de medios audiovisuais ou outros recursos como apoio</p> <p>?Nivel de coordinación do grupo ao expoñer (que reflecta un traballo colaborativo, non unha suma de partes)</p> <p>?Nivel de comprensión dos contidos básicos</p> <p>?Claridade expositiva</p>	30

Assessment comments

A avaliación contempla dúas opcións:

Opción A. Para o alumnado que asiste/participa nas actividades de clase (asistencia mínima do 80%):

- Elaboración presentación dos traballos individuais ou en pequeno grupo: 20% da notafinal.

- Elaboración presentación do traballo final: 30% da nota final. - Proba escritasobre os contidos da materia: 50% da nota final. Opción B. Para o alumnado que non asiste/participa nas actividades de clase (asistencia inferior ao 80%): - Elaboración e presentación dos traballos individuais ou en pequeno grupo: 20% da nota final.

- Elaboración e presentación do traballo final: 30% da nota final.

- Proba escrita sobre os contidos da materia: 50% da nota final.

Para superar a materia será necesario acadar cando menos, o aprobado (5 puntos sobre 10) en cada un dos elementos anteriores (media dos traballos individuais/en pequeno grupo;

traballo final e proba escrita). En caso de non acadar o aprobado en todas e

cada unha das evidencias que se requiren, o alumnado non terá avaliación

positiva na materia.

Sources of information



<p>Basic</p>	<p>Barkley, E., Cross K. P. e Major, C.H. (2007) Técnicas de aprendizaje colaborativo. Madrid, Morata.</p> <p>Doherty-Sneddon, G. (2009) El lenguaje no verbal de los niños. Buenos Aires, Lumen.</p> <p>Etkin, E. (2012) Comunicación para organizaciones sociales: de la planificación a la acción. Buenos Aires: La Crujía.</p> <p>Fernández, J. D. e García, J. (2010) El valor pedagógico del humor en la educación social. Madrid: Desclée de Brouwer.</p> <p>García Uceda, M. (2001) Las claves de la publicidad. Madrid, ESIC.</p> <p>Goleman, D. (1995) Inteligencia emocional. Barcelona, Kairós.</p> <p>James, J. (2010) La biblia del lenguaje corporal. Madrid, Paidós.</p> <p>Patiño, A. (2007) Extraños en las aulas. En L. Martín y Mijares (Eds.), Voces del aula . Etnografías de la escuela multilingüe (pp. 191-216). Madrid: CREADE . Recuperado o 2 de xullo do 2013 de http://www.documentacion.edex.es/docs/1308ESPvoc.pdf</p> <p>Pinker, S. (1995) El instinto del lenguaje: cómo crea el lenguaje la mente. Madrid, Alianza.</p> <p>Pinker, S. (2007) El Mundo de las palabras: una introducción a la naturaleza humana. Barcelona, Paidós.</p> <p>Sarramona, J. (Ed.) (1988) Comunicación y educación. Barcelona, CEAC.</p> <p>Trilla, J. (Coord.), Soler, P. y Limón, D. (2013) El liderazgo educativo en el ámbito socio-comunitario, en XXXII Seminario Interuniversitario de Teoría de la Educación. Santander, 10-12 de noviembre de 2013. En prensa. Recuperado o 2 de xullo do 2013 de http://www.site.unican.es/Ponencia%204.pdf</p> <p>Ugarte, D. (2010) O poder das redes: manual ilustrado para persoas, colectivos e empresas abocadas ao ciberactivismo. Santiago de Compostela: 2.0 Editora. Recuperado o 2 de xullo do 2013 de http://lasindias.org/el-poder-de-las-redes/</p> <p>VVAA (2009) Metodoloxías participativas. Manual. Madrid, CIMAS. Recuperado o 2 de xullo do 2013 de http://aragonparticipa.aragon.es/attachments/657_manual_medotologias_participativas.pdf</p> <p>Watzlawick, P., Beavin, J. H. e Jackson, D. D. (1985) Teoría de la comunicación humana. Barcelona, Herder.</p> <p>West, R. e Turner, L. H. (2005) Teoría de la comunicación. Análisis y aplicación. Madrid, McGRAW Hill.</p>
<p>Complementary</p>	<p>Berlo, D. K. (1980) El proceso de la comunicación. Introducción a la teoría y a la práctica. Buenos Aires, El Ateneo.</p> <p>Bonals, J. (2000) El trabajo en pequeños grupos en el aula. Barcelona, Graó.</p> <p>Carr, N. (2011) ¿Qué está haciendo Internet con nuestras mentes? Superficiales. Madrid, Taurus.</p> <p>Comas, D. (2010) Los presupuestos participativos y las políticas de juventud: un estudio de casos sobre la cultura de la participación social en España. Madrid, Injuve. Recuperado o 2 de xullo do 2013 de http://www.injuve.es/sites/default/files/presupuestos_participativos.pdf</p> <p>Delfos, M. F. (2009) ¿Me estás escuchando? Como conversar con niños entre los 4 y los 12 años. Madrid, Pirámide.</p> <p>Erice, J. (2010). Convencer. Descubre los secretos de los grandes comunicadores. Madrid, ESIC.</p> <p>Espada, J. P. (2001) Técnicas de grupo. Madrid, CCS.</p> <p>Fabra, Mª L. (1992) Técnicas de grupos para la cooperación. Barcelona, CEAC.</p> <p>Fernández, J. D. (2010) El valor pedagógico del humor en la educación social. Madrid, Desclée de Brouwer.</p> <p>Froufe, S. (1998) Técnicas de grupo en animación comunitaria. Salamanca, Amarú.</p> <p>Froufe, S. (2000). Análisis crítico de las actitudes bloqueadoras de la comunicación humana. Comunicar, 14, 97-102.</p> <p>Goleman, D. (2005) Inteligencia social: la nueva ciencia de las relaciones humanas. Barcelona, Kairós.</p> <p>Jáuregui, E. e Fernández, J. D. (2008) Alta diversión. Los beneficios del humor en el trabajo. Barcelona, Alienta.</p> <p>Latorre, X. (2001). El marketing aplicado a las ONGD: coherencias e incoherencias en relación con la educación para el desarrollo. Comunicar, 16, 113-119.</p> <p>Lull, J. (2008). Los placeres activos de expresar y comunicar. Comunicar, 30, 21-26. (DOI: 10.3916/c30-2008-01-003).</p> <p>Palleres, M. (1993) Técnicas de grupo para educadores. Madrid, ICCE.</p> <p>Pinker, S. (2000) Cómo funciona la mente. Barcelona, Destino.</p> <p>Pinker, S. (2003) La tabla rasa: la negación moderna de la naturaleza humana. Barcelona, Paidós.</p> <p>Pinker, S. (2005) La tabla rasa, el buen salvaje y el fantasma de la máquina. Barcelona, Paidós.</p> <p>Pintado Blanco, T. e Sánchez Herrera, J (Coords.) (2012) Nuevas tendencias en comunicación. Madrid: ESIC.</p> <p>Punset, E. (2008) Brújula para navegantes emocionales. Madrid, Aguilar.</p> <p>Túñez, M. (2012) La gestión de la comunicación en las organizaciones. Sevilla, Comunicación Social.</p> <p>Vidalot Presas, Mª A. (2012) Comunicación y grupos sociales. Barcelona: UOC.</p>

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus



Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.